

## Enquisa da pesca. Anos 2003 e 2004

### COMUNICADO



## A cifra de negocio do sector pesqueiro supera a barreira dos 1.000 millóns de euros

O sector pesqueiro xerou en Galicia unha cifra de negocio de 975 423,02 miles de euros no 2003 e de 1 007 447,31 miles de euros no 2004 .

No reparto desta cifra por subsectores, segue a ser a pesca de altura a que aporta a maior porcentaxe, seguida, sen embargo, cada vez máis de cerca pola acuicultura mariña que aumenta ano a ano a súa infraestrutura e os seus ingresos, como se pode apreciar na seguinte táboa:

SUBSECTOR	2001	2002	2003	2004
Marisqueo a flote	3,87%	4,47%	3,12%	2,83%
Pesca costeira	22,55%	21,94%	15,77%	19,13%
Pesca de altura	48,27%	45,77%	46,58%	43,33%
Marisqueo a Pé	2,75%	3,15%	2,40%	3,03%
Acuicultura mariña	22,55%	24,67%	29,95%	29,13%
Acuicultura continental			2,18%	2,56%

A maior parte das vendas derivadas da actividade do sector en conxunto ten como destino Galicia (70,86% no 2003 e 72,49% no 2004), e máis concretamente un 41,85% das vendas realízanse na lonxa no 2004, aínda que estas porcentaxes varían moito dun subsector a outro. Así no caso do marisqueo, tanto a pé como a flote venden o 100% en Galicia, sen embargo no caso da acuicultura marítima vende a metade en Galicia e a outra fora da nosa comunidade.



### Elevados costes de explotación da pesca extractiva

Os gastos de explotación no total do sector supoñen ao redor dun 80% da cifra de negocio (79,65% no 2003 e un 79,42% no 2004) , inda que, coma no caso anterior, difiren segundo o subsector. Así, en marisqueo a pé só supoñen ao redor dun 5%, en acuicultura marítima un 80% e na continental preto dun 65% e en pesca sobre un 85%. Excepto en pesca costeira e de altura e marisqueo a flote, onde o maior peso corresponde a gastos de persoal, no resto de subsectores a partida de gastos máis importante corresponde ás compras de materias primas e outros aprovisionamentos (combustible, envases e embalaxes, repostos, aparellos de pesca, sementes e alevíns, sal, xeo, etc).

Unha media do 72% das compras de explotación se realizan en Galicia, sobre un 11% en España e un 17% no resto do mundo. Dentro da comunidade galega, as compras efectúanse sobre todo a comerciantes por xunto, salvo no caso do marisqueo (a flote e a pé) onde máis do 98% das compras teñen a súa orixe nos comerciantes polo miúdo.

### Segue diminuindo o número de postos de traballo directos

A actividade pesqueira xerou 25 824 postos de traballo directos no 2003 e 25 756 no 2004. O reparto entre persoal asalariado e non asalariado é moi desigual por subsectores, aínda que estas porcentaxes se equilibran para o total da pesca. A remuneración media dos asalariados no sector achégase aos 20 162 € no 2004.

ANO 2003	Marisqueo a flote	Pesca costeira	Pesca de altura	Marisqueo a pé	Acuicultura mariña	Acuicultura Continental	Total sector
<b>% Asalariados</b>	24,03%	71,70%	96,39%	0,00%	55,26%	82,33%	53,91%
<b>Remuneración media por asalariado</b>	6.099,08	12.351,86	26.976,74	0,00	18.450,13	18.361,39	18.789,22
<b>ANO 2004</b>							
<b>% Asalariados</b>	26,53%	72,60%	96,32%	0,00%	54,56%	87,90%	54,16%
<b>Remuneración media por asalariado</b>	5.315,49	14.926,51	28.415,57	0,00	19.443,23	21.380,04	20.162,29

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
 e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)